

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2023/17	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivación: Entrada en vigor créditos orzamentarios antes peche exercicio.
Data	30 de NOVIEMBRE de 2023
Duración	Desde as 10:00 ata 10:35 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SI
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SI
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	NON
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano,o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González indica que en primeiro lugar quere pedir desculpas á Corporación por convocar desta maneira este Pleno, as circunstancias levárono a facelo así e fai que un Pleno como este non o podamos convocar da mellor maneira posible. A urxencia ven derivada da necesidade que o crédito extraordinario que se propón para este Pleno entre en vigor antes do peche do exercicio 2023. Esa é a motivación da urxencia e de que se o atrasásemos máis non podería ser así e vémonos na obriga de convocalo desta maneira.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que Sr. Alcalde, nos aínda entendendo que hai actuacións que facer e facturas que pagar o antes posible, tamén entendemos que o concepto “urxente” non se pode apreciar nin utilizar á lixeira e tampouco estíralo coma se fora un chicle, e que non se pode apelar á urxencia para realizar unha modificación de crédito destas dimensións sen as cautelas necesarias, sen pasar pola Comisión Informativa e sen apenas tempo para valorar a oportunidade da mesma, a súa legalidade e máis as consecuencias de tal modificado.

A urxencia como vía excepcional para tramitar expedientes ha de estar referida ao interese xeral, a unha valoración dos intereses que concorren, entre eles o cumprimento da legalidade orzamentaria, e non debe confundirse interesadamente a urxencia xurídica coa conveniencia política dun alcalde e dun goberno en orden a disimular a súa mala xestión económica ou en orden a buscar malos parches para ela.

Vostede non motivou suficientemente a urxencia, apenas catro liñas xenéricas, referidas só aos pagos pendentes e non aos proxectos de gasto de inversión.



Vostede tampouco rebate o Informe da Interventora que di, por unha parte, que non ve nos seus proxectos de gastos nada inaprazable que non se poida tramitar de forma máis reflexiva e correcta e que di por outra parte que con un recurso extraordinario como o remanente non se poden pagar gastos ordinarios ou estruturais, non podendo ser xuridicamente urxente o que non é legal.

Nos pensamos que hai outras maneiras para facer as cousas sempre a través das vías da legalidade e que facer esta Modificación de Crédito de mais de 770 M euros a cargo do remanente líquido de tesourería para gastos xerais require dunha reflexión e dun rigor que nada ten que ver coa a súa pretendida urxencia, por eso imos a votar en contra da urxencia desta convocatoria.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 5 votos en contra

CO: 4 votos a favor

BNG: 1 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

Apróbase por maioría o pronunciamento da urxencia do asunto.

Incorpórase o Sr. Núñez ao Pleno da Corporación tras a finalización da votación realizada sobre o pronunciamento da urxencia.

3. Expediente 792/2023. Modificación de Créditos.

Favorable

Tipo de votación

DEBATE

O Sr. González fai referencia á proposta realizada de aprobación dun crédito extraordinario por algo máis de 770.000 € e que vai dirixido a dúas finalidades, por unha banda algo máis de 400.000 € facer fronte ao marco de facturas diversas para os que non tiñamos crédito no orzamento presente e por outra banda para acometer investimentos por algo máis de 360.000 € e fai referencia á problemática a estes últimos e a problemática de non ter a liquidación ata esta semana e, polo tanto, eses investimentos (fai referencia a algúns deles) ao non



ter feita a liquidación e non ter incorporado o remanente non se puideron levar a cabo neste exercicio. Isto ven derivado de múltiples problemas de carácter técnico na área de intervención e que vimos acumulando. Son urxentes que xa foron aprobadas e que hai que acometelas o antes posible e por outra banda temos que ver que pasa coas regras fiscais e non imos poder ter man de estes recursos do remanente de tesourería, polo que é axeitado facelo o antes posible.

Con relación ao gasto corrente vostede aludiu ao informe de intervención que di que non se poden financiar con remanente gastos que son ordinarios e eu con tódolos respectos non estou de acordo con ese argumento porque o que non se está a ter en conta e que houbo un gasto extraordinario nestes dous últimos exercicios e que sen lugar a dúbida que tiveron un impacto moi negativo nos orzamentos e refírome aos gastos enerxéticos. E só neses gastos nos anos 2022 e 2023 estamos falando dunha desviación a 400.000 € en gasto enerxético e iso ten un carácter extraordinario e témolo que financiar deste xeito e cremos que isto é unha razón de peso. O ano que ven grazas a nova licitación vai posibilitar volver a unha senda de gasto semellante á que xa tiñamos. Entendemos que é extraordinaria e que hai que asumilo con recursos extraordinarios.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP para dirixirse ao Sr. Alcalde e aos seus socios de goberno e indicar que, a min as palabras mais liviáns que se me ocorren para describir a xestión que están facendo vostedes da economía do Concello de Outes, dos cartos dos nosos veciños, son despropósito e trapallada, ben seguro que haberá quen, tendo máis coñecementos que min do léxico técnico e xurídico atribuíbles a esta situación, podería definila con algunha palabra de carácter legal máis precisa e acaida.

Polo pouco que tivemos oportunidade de ver neste expediente, porque hai que recordar que non tivemos acceso á documentación ata onte a media mañá, entre outros aspectos, o que podemos sacar en conclusión é que vostedes asumiron compromisos de gasto sen o respaldo orzamentario oportuno e veremos se esta conduta non acaba afectando aos dereitos de cobro dos provedores que prestaron os seus servizos de boa fe, e agora vostedes buscan parches e atallos que ao noso entender aínda poden empeorar máis a situación, a do Concello e a daqueles que teñen dereito a cobrar polos servizos prestados.

Pois claro que aos provedores lles urxe cobrar e aos veciños tamén lles poden urxir novas actuacións, pero hai maneiras de facer as cousas, como dicía antes, a través das canles da legalidade e os provedores do Concello, moitos deles veciños nosos merecen que os traballos que vostedes lles encargan non teñan a



garantía de que os cobraran en tempo e forma porque deberían ter ese respaldo orzamentario dos que vostedes non os revestiron.

Sr. Alcalde, nos queremos pensar que vostede leu o inequívoco informe da Interventora Municipal e pese a ese informe desfavorable sigue adiante. É a súa responsabilidade e a do seu Goberno, de todos, comprometeron gastos daquela maneira e pretenden pagalos desta outra maneira. Todo polas bravas como se adoita a dicir.

Na proposta da alcaldía que vostedes traen para a súa aprobación neste Pleno, por certo que non vimos ningún informe de Secretaría neste expediente non sei se a súa ausencia é regulamentaria, entre outras cousas di, *“visto que se emiteu Informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta da alcaldía e elaborouse Informe de Intervención sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria”*. Favorablemente?, eu non sei que informe foi o que leeu vostede, porque o *“Informe de Control permanente sobre aprobación de crédito extraordinario”* que figura no expediente a que se nos deu acceso onte pola mañá, dí literalmente e inequívocamente: *“Á vista do exposto, o resultado do control permanente previo do expediente é desfavorable en canto que non queda debidamente acreditado o cumprimento dos requisitos de que se trata de gastos urxentes e inaprazables que non poden demorarse ó exercicio seguinte, e iso en canto aos gastos aínda non executados (ver observacións indicadas no punto cuarto). Respecto dos gastos xa executados (e documentados nas facturas incluídas nas relacións que se incorporan ao expediente), remítome ás observacións sinaladas respecto do financiamento de gastos ordinarios e estruturais cun recurso extraordinario como é o RLTGX, o que derivará en desequilibrio orzamentario en anos vindeiros se continúa a senda de gasto actual sen que se adopten medidas e acordos que redunden nun incremento de ingresos e/ou redución de gastos non financeiros”*.

Esto último , entendo, que ven a dicir que por culpa do seu descontrol no gasto, para evitar ese desequilibrio orzamentario van ter que subirlle os impostos aos veciños. Ese mesmo Informe que vostede dí que é favorable a súa pretensión, tamén lle advirte de que: *“O artigo 28.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, califica como infracción moi grave en materia de xestión económico-orzamentaria, a seguinte conducta cando sexa culpable: os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigacións e ordenación de pagos sen crédito suficiente para realizalos.....”* Ou de que, *“E o artigo 39.2.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público sinala que serán nulos de pleno dereito os contratos celebrados*



por poderes adxudicadores nos que concorra algunha das causas seguintes: a carencia ou insuficiencia de crédito”.

Xusto o que vostedes fixeron. Neste punto, non nos estrañaría que a xestión económica do actual Goberno de Outes se trate, dentro duns anos, nas Facultades de Económicas das Universidades do país como exemplo do que non hai que facer. Se algún profesor de Economía vira a xestión que se está a levar nos últimos catro anos e medio no Concello de Outes, estamos seguros que a poñería de exemplo para que os seus alumnos escaparan dela. Ao mellor hai algún profesor de economía que non o faría.

Volvendo ao Informe de intervención, nel faise constar que: *“consultada a contabilidade municipal, obsérvase cómo xa foi empregado o RLTX en modificacións de crédito anteriores polos importes que logo se indican, cando aínda non estaba aprobada a liquidación do Orzamento de 2022 (aprobose por Decreto de alcaldía 2023/0578, de 27/11/2023) e polo tanto non cuantificado nin liquidado o importe do RLTX.”* Liquidación que se aprobou por Decreto da Alcaldía antes de onte, cando creo que tiña que estar aprobada no mes de marzo se non me equivoco.

Eses importes, aos que se refire, son os aprobados en tres Decretos de Alcaldía por valor de 392.422,83 €. Nos queríamos preguntarlle á Interventora Municipal, que pensamos que estaría presente neste Pleno no que se tratan asuntos económicos de bastante importancia. Pero como non está, igual o Sr. Alcalde ou alguén do seu Grupo de Goberno nos pode aclarar se esta forma de proceder é regulamentaria ou se se puido incorrer nunha “anomalía” de xestión económica e de ser así cales serían as súas consecuencias. Tamén nos gustaría que nos aclarase se, tal e como parece, esa cantidade tería que sumarse aos 772.331,71 € co que despois destas operacións os 1.325.508,75 € de remanente que arroxou a liquidación do 2022 quedarían en 160.754,21€.

No que se refire ás facturas de gastos ordinarios e estruturais, que se pretenden pagar cun recurso extraordinario como é o Remanente de tesourería, son tantas que o pouco tempo con que se puxeron a nosa disposición fixo que non puidéramos examinalas como nos gustaría, pero si nos chamaron á atención algunhas delas como por exemplo, o pago a unha empresa por un recepcionista na piscina municipal en horario de 9:00 a 14:00 dos días 15 a 29 de abril polo importe de 4.784,34€, e polo mesmo concepto no mes de agosto outra por valor de 2.662,00€, tamén da mesma empresa hai outra factura por monitor de vela no Clube Náutico do Freixo dende o 26 de xuño ao 31 de xullo por importe de



6.171,00 € e polo mesmo concepto no mes de agosto outra por valor de 4.235,00€. Non sei se terán algo que dicir ao respecto o actual concelleiro de deportes ou o Sr, 1º tenente alcalde que fai solo uns meses poñía o grito no ceo ante situacións semellantes, e de paso tamén nos poderá explicar porque no anterior Pleno nos dixo que o evento Mares do Fin do Mundo o organizaba unha empresa ao efecto e que o Concello o único que facía era darlle unha subvención de 12.000 € e agora nesta relación de facturas aparece unha para que o Concello pague os folletos do dito evento.

Tampouco nos parece de recibo que teñan que pagar deste xeito un gasto como o mantemento dos ascensores en edificios municipais, porque convirá comigo en que eso non debe ser un gasto extraordinario, o gasto do mantemento dos ascensores debería estar regulado nos Orzamentos anuais, incluso nos prorrogados dende fai un ano e medio, incluso nesas tiña que estar ese gasto.

Sr. Alcalde, visto todo este enredo que teñen formado, mesmo parece que vostede rememorando aquela película de Woody Allen “Toma el dinero y corre”, emprende unha fuxida cara diante, unha fuxida da súa mala xestión económica, pero non esqueza o título doutra célebre película “Al final de la escapada”, porque quizais ao final da escapada da súa mala xestión lle agarde algunha esixencia de responsabilidade legal, sabemos que por menos houbo cargos públicos inhabilitados.

Xa para rematar, queremos dicir que nos parece inverosímil e sorprendente, consultando a hemeroteca e as actas de plenos celebrados nesta mesma sala non fai moito tempo, e lendo as intervencións dos grupos do BNG e PSOE con respecto á utilización de fondos do remanente onde estaban profundamente en contra de utilízalos para gastos que non foran as obras urxentes de saneamento e que non puideran ser susceptibles de financiarlas por outra vía, agora traguen con este despropósito que aquí nos presentan.

Esperamos que sexan valentes e que nos expliquen a nos e mais aos veciños ese cambio radical de opinión sobre este tema, porque o que está claro é que a situación é desastrosa, pero desta maneira están contribuíndo a empeoralala, repito, sexan valentes e honrados consigo mesmos e utilicen os seus votos para cambiar a situación e parar esta desfeita.

Nos, desexando que as actuacións se fagan e se pague a que se debe o antes posible (sempre conforme a legalidade), imos absternos á vista de que non se celebrou unha comisión informativa na que se puideran aclarar algunhas



cuestións e tamén o facemos por non levantar unha polémica sobre un asunto que afecta ás expectativas de cobro de moitos provedores, unha chea deles nosos veciños. Nada mais e moitas grazas.

Toma a palabra o Sr. Núñez voceiro do BNG que indica que o PP como é habitual sobre actúa e reacciona por riba da realidade que é que o Concello de Outes ten que pagar unhas facturas das que se comprometeu ao gasto e que en parte teñen que ir agora mesmo para pagar en tempo e forma e é ben que efectivamente que o Concello de Outes ten intención de seguir mellorando no saneamento e por iso van actuacións neste sentido na proposta ao Pleno. O BNG niso non cambia en nada diso a súa liña de actuación, está comprometido a facer actuacións en mellora dos veciños e que as facturas estean pagadas en tempo e forma e agora estamos a proceder para facelo. Tamén dixemos no seu momento que había que priorizar facturas a provedores pequenos e non priorizar as facturas das eléctricas, unha parte importante das facturas a pagar. Como dicía o PP fai algo que non facía cando gobernaba non está tendo en conta os aumentos enormes de electricidade algo que si que tivo en conta o BNG cando estivo na oposición e que sempre apoiou ao goberno para sacar eses gastos correntes extraordinarios. Para o ano esa cuestión vaise ver moi reducido por unha moi boa xestión do goberno, penso que non é preciso dicir nada máis.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que non vai a engadir nada máis que as cuestións técnicas é mellor que as conteste a interventora que é a especializada na área de economía e debe contestar. Reitero o que xa dixen, hai uns gastos extraordinarios e estas son as razóns fundamentais do desequilibrio. O que estamos a acometer é unha modificación para solventar este desequilibrio e este é de carácter extraordinario. Agora temos unha estrutura de gasto corrente máis elevada porque agora temos un sistema de saneamento porque temos unha depuradora que funciona que ten un custe de 90.000 € ao ano, temos unha escola infantil que da un servizo importante. Indica que cree que se pode comprometer o financiamento futuro ao que nos cremos que non. Trátase de dar servizos que anteriormente non había e un servizo de conciliación como temos agora e se queremos dar servizos novos precisamos de novos recursos.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que con respecto ao que comentou o Sr. Tenente Alcalde 1º, a min paréceme que non sobre actuamos, oxalá tivera vostede razón e isto fora unha sobre actuación, pero paréceme que non.

Fala vostede do gasto enerxético, eu non sei que ten que ver o gasto enerxético con todas estas facturas que teño aquí nesta relación, referidas a: pago de festas,



a campos de voluntariado, ao mantemento dos ascensores, viaxes de autobuses, a limpeza de festas, a analíticas, a poñer en valor talleres de improvisación musical.... Bueno non sigo, non sei que ten que ver eso co gasto enerxético e co aumento do gasto enerxético.

En canto ao que acaba de dicir o Sr. Alcalde sobre que hai servizos que antes non había, eu non sei se a depuradora que vostedes mantiveron, porque había que mantela, as obras fanse pero hai que mantelas, efectivamente, pero ¿esa depuradora caeu do ceo o día que vostedes se sentaron aí? ¿Non había conciliación? ¿o PAI non existía?. Sí, Sr. González parece que chegaron vostedes aquí e inventouse a conciliación en Outes, inventouse a depuración en Outes e inventáronse moitísimas cousas. Esas cousas estaban xa aquí cando vostedes chegaron, non caeron do ceo para nada. E outra cousa, a depuración funcionará, pero ¿canto hai que non pagan as facturas do mantemento da depuradora? ¿Están esas facturas están metidas en algunha destas relación?

Toma a palabra o Sr. Núñez para engadir que a finalidade do goberno de Outes é prestar servizos e facer as actuacións necesarias e as veces hai que tomar decisións coma estas e sacar adiante os servizos e as necesidades. Pero se ao PP tanto lle preocupa a estabilidade orzamentaria do Concello de Outes cando veña o Sr. Presidente da Xunta lémbrelle que non deixe a Outes fora dos orzamentos da Xunta porque non realiza ningún investimento.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

PP: 5 abstencións

CO: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto favor

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 792/2023, do Orzamento en vigor, na modalidade de Crédito extraordinario 1/2023 pola cantidade total de 772.331,71 €, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo ao seguinte detalle:

APLICACIONES DE GASTOS



Aplicación		Descripción	Crédito extraordinario 1/2023
Progr.	Económica		
160	22100	Enerxía Eléctrica. F/2023/24 , F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37	31.790,10 €
160	22103	Ad. Xeral Benestar Comuni Combustibles e carburante. F/2023/71	26.019,55 €
165	22100	Alumeado público. Enerxía eléctrica. Relacións Pendentes F/2023/21 F/2023/23 F/2023/25 F/2023/34 F/2023/38 F/2023/43 F/2023/48 F/2023/50 F/2023/60 F/2023/22 F/2023/24 F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37 F/2023/72	95.440,92 €
179	22700	Limpeza e aseo. F/2023/74	919,60 €
2213	22100	Promoción Social. Enerxía Eléctrica. F/2023/24 , F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37	4.763,27 €
241	22100	Energía eléctrica. F/2023/24 F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37	3.379,68 €
321	22100	Ed. preescolar y primaria Energía eléctrica. F/2023/24 , F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37	47.643,19 €
330	22100	Ad. Xeral de cultura Energía eléctrica. F/2023/24 F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37	3.664,11 €
334	22100	Enerxía Eléctrica. F/2023/24 F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37	689,47 €
342	22100	Instalacións deportivas Enerxía eléctrica. F/2023/24 F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37	50.617,08 €
342	22103	Instalacións deportivas Combustibles e carburante. F/2023/70	7.201,53 €
419	22699	Outros gastos diversos. Rel. F/2023/74	900,00 €
4311	20500	Arrend.mobiliario y enser. F/2023/74	847,00 €
4311	22602	Publicidad y propaganda. F/2023/74	700,00 €
4311	22699	Otros gastos diversos. F/2023/74	764,01 €
432	22602	Informacion y promoc. turisti Publicidad y propaganda. F/2023/74	5.566,00 €
433	22699	Otros gastos diversos. F/2023/74	892,00 €
453	22699	Otros gastos diversos. F/2023/74	5.456,80 €
454	21000	Camións veciñais. Infraestrutura e bens naturais.	11.184,55 €



		F/2023/74	
454	61900	Caminos vecinales Otr.inver.reposic.infrae. F/2023/75	19.560,21 €
491	63900	Otras inversiones reposic. F/2023/75	619,60 €
920	22100	Administración general Energía eléctrica. F/2023/24 F/2023/26 F/2023/33 F/2023/37	3.667,31 €
130	22200	F/2023/76	236,80 €
133	22199	F/2023/76	42,35 €
160	21300	F/2023/76	403,51 €
160	21400	F/2023/76	5.012,69 €
2313	22200	F/2023/76	293,06 €
2313	22602	F/2023/76	786,50 €
241	22200	F/2023/76	268,00 €
241	22699	F/2023/76	7,48 €
321	21200	F/2023/76	5.036,04 €
321	22000	F/2023/76	39,95 €
321	22002	F/2023/76	13,99 €
321	22103	F/2023/76	1.747,85 €
321	22110	F/2023/76	7,66 €
321	22199	F/2023/76	73,77 €
321	22200	F/2023/76	437,74 €
321	22699	F/2023/76	296,36 €
321	22700	F/2023/76	2.822,36 €
321	22799	F/2023/76	436,21 €
326	22606	F/2023/76	632,50 €
330	21300	F/2023/76	117,24 €
330	22002	F/2023/76	161,99 €
330	22110	F/2023/76	5,98 €
330	22200	F/2023/76	885,84 €
330	22699	F/2023/76	2,49 €
333	22706	F/2023/76	2.178,00 €



334	22301	F/2023/76	3.327,50 €
334	22602	F/2023/76	411,40 €
334	22699	F/2023/76	95,84 €
334	22799	F/2023/76	10.722,18 €
338	22602	F/2023/76	145,20 €
338	22699	F/2023/76	6.091,60 €
338	22799	F/2023/76	363,00 €
341	20500	F/2023/76	1.529,35 €
341	21300	F/2023/76	83,61 €
341	22105	F/2023/76	194,28 €
341	22301	F/2023/76	4.818,00 €
341	22699	F/2023/76	2.215,72 €
341	22799	F/2023/76	1.250,00 €
342	21300	F/2023/76	302,90 €
342	21400	F/2023/76	92,64 €
342	22000	F/2023/76	382,34 €
342	22103	F/2023/76	38,10 €
342	22106	F/2023/76	6.526,85 €
342	22111	F/2023/76	1.070,70 €
342	22200	F/2023/76	293,04 €
342	22699	F/2023/76	538,88 €
342	22706	F/2023/76	726,00 €
342	22799	F/2023/76	24.539,04 €
920	21300	F/2023/76	217,61 €
920	22200	F/2023/76	593,14 €
920	22699	F/2023/76	556,60 €
321	63200	Ampliación Escola Infantil de Santo Ourente e Proxecto Técnico	103.761,66 €
1532	61900	Acceso Agrocarou. Lugar de Arriba. Sto Ourente.	10.487,09 €



160	60900	Conexión de Saneamento en Outes.	8.148,36 €
1532	61900	Pavimentacion do acceso a Rates polo Cabalo	6.279,20 €
342	61900	Ampliación e renovación do cespede artificial do campo de futbol do Conchido	136.087,29 €
160	60900	Ampliación do saneamento para conexión a futura Edar de Ousesende	48.400,00 €
160	60900	Rehabilitación de pozos de rexistro na rede de saneamento de Outes	47.810,25 €
TOTAL			772.331,71 €

APLICACIONES DE INGRESOS

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	772.331,71 €
			TOTAL INGRESOS	

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Remata a sesión ás 10:35 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

